



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO



DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE FERROL CLASIFICATORIA PROVINCIA DA CORUÑA-XOGADE

REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Ferrol

Persoa de contacto: Juan Luis Pedrosa

Teléfono: 606696249

Federación Galega de Tríatlón e Péntatlon Moderno

fegatri@hotmail.com

Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

Colaboran:

Concello de Ferrol

Autoridad Portuaria Ferrol

Datos da proba:

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlón Escolar da Coruña. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Dúatlón da provincia da Coruña, das categorías benxamín, alevín e infantil e cadete.

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://xogade.xunta.gal>

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlón e P.M. e da Federación Española de Tríatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Saída, transición e meta:

Zona praia de Caranza

[Rúa Cartagena](#)

Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club (recollida conxunta dos dorsais da entidade)

A partir das 10:00 h. Na carpa de organización ata 20' antes de cada saída.



**Datas e horarios das carreiras:**

Sábado, 4 de abril de 2026

Hora	Categoría	Carreira	Bicicleta	Carreira
10:45	BENXAMÍN (2017-2018)	400m	1625m (1v)	200m
11:15	ALEVÍN (2015-2016)	800m	3250m (2v)	400m
12:00	INFANTIL (2013-2014)	1200m	4875m (3v)	600m
13:00	CADETE (2011-2012)	1600m	6500m (4v)	800m

OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRICIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS**Inscricións:**

Inscrición gratuíta. (Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlon, na provincia da Coruña). **Ata o luns 30 de marzo** de 2026. Enviar folla de inscrición (Excel anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.coruna@xunta.gal **ata as 14:00 horas**.

Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici /casco) e o casco posto e abrochado.

Cronometraxe Manual

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeición que o garanta.

Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona.

Premios

Medallas aos/ás tres primeiros/as da clasificación individual en cada categoría e sexo.

CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.

As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuitos.